

OLIMPIO XIRÁLDEZ RÍO



Olimpio Xiráldez Río (Redondela 1970) Gaiteiro e artesán de instrumentos tradicionais..

Aprendeu o oficio da fabricación de gaitas entre os anos 1990 e 1993 cos mestres Antón e Carlos Corral no Obradoiro Escola de Gaitas e Zanfonas da Universidade Popular de Vigo, e dende ese ano dedícase á construción artesanal de instrumentos de vento da tradición musical galega.

No ano 1993 funda o obradoiro de gaitas e frautas “OLI XIRÁLDEZ” na súa casa natal en Redondela.

En abril de 2001 trasládase á parroquia de Calo no Concello de Teo onde prosegue ca súa actividade actualmente.

A actividade principal do obradoiro é a construción de gaitas e frautas tradicionais, pero nos últimos anos está desenrolando unha sección de reprodución de

instrumentos de vento históricos (frautas renacentistas e barrocas, oboes barrocos, fagotes, musette barroca...).

Paralelamente ten unha dilatada traxectoria como instrumentista de gaita, requinta e outras frautas travesseiras de sistema simple, en grupos como Chouteira, Tintafemia, Carapaus, Os Carambolos, O.C.T. Ultraia, Fondaos do Pífaros...

Entre os anos 1990 e 2001 tocou a gaita no acompañamento da Danza das Espadas e as Penlas de Redondela, que se baila anualmente na celebración das festas da Coca.

Participou en publicacións colectivas como «Treboada Galega» (Gaiteros da Xistra 2012) ,«Congreso Faustino Santalices» (Difusora das letras, artes e ideas 2011) e Seminario de Estudos Redondeláns (Boletín nº7-2017) con artigos relativos á construción e recuperación de instrumentos e melodías tradicionais galegas.

Dende o ano 2006 é membro da directiva da Asociación de Gaiteras Galegas.

